

COMPOSICIÓN DO COMITÉ DE AUTOAVALIACIÓN

- D. Fco. Alberto Varela García (presidente, por delegación do director)
- D. Fermín Luis Navarrina Martínez (representante do profesorado)
- D. Enrique Peña González (representante do profesorado)
- D. Felix Nieto Mouronte (representante do profesorado)
- D.ª Julia Seijo García (representante do persoal de administración e servizos)
- D.ª Paula Ojea Fernández (representante do alumnado)
- D. Daniel José Valcárcel Rodríguez (representante do alumnado)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

REAVALIACIÓN DE TITULACIÓNS

PROGRAMA DE EVALUACIÓN INSTITUCIONAL (PEI)
DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA
UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)
2005-2006

TITULACIÓN A REAVALIAR

- **Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos**

OTRAS TITULACIÓNS DA UDC QUE SE VAN REAVALIAR

- Diplomado en Relacións Laborais-Coruña
- Diplomado en Relacións Laborais-Ferrol

Máis información:

Unidade Técnica de Calidade

Reitoría da universidade
R/ Maestranza, 9
15001 – A Coruña
Telf.: 981 16 70 00. Exts.: 1052-1069 -1058 -1063
Fax: 981 16 70 41
Correo electrónico: evalua@udc.es
<http://www.udc.es/utc>

Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos

Campus de Elviña
A Coruña
Telf.: 981 16 70 00 Ext. 1488
Fax: 981 16 71 70
Correo electrónico: avarela@udc.es
<http://caminos.udc.es>

AVALIACIÓN DA TITULACIÓN DE ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS


OBXECTIVOS

- Facilitar un proceso de avaliación para a mellora da calidade dos ensinos que conducen á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional, a través do seu autodiagnóstico e da visión externa que ofrecen os expertos.
- Promover procesos de avaliación que favorezan o establecemento ou a continuidade de procesos de garantía de calidade nos ensinos e proporcionar información aos estudantes e ás súas familias, ao conxunto da sociedade, aos gobernos das universidades e ás administracións públicas sobre a calidade dos ensinos universitarios e dos seus planos de actuación.

METODOLOXÍA DE AVALIACIÓN

O proceso de avaliación artículase en tres fases:

- **AUTOAVALIACIÓN:** a unidade que se avalía, a través do Comité de Autoavaliación (CA), describe e valora a súa situación respecto aos criterios establecidos e identifica inicialmente aquelas propostas de mellora a partir das cales se elaborarán os planos de actuación que se deberán poñer en marcha unha vez que conclúa todo o proceso. O resultado é o Informe de Autoavaliación (IA).
- **AVALIACIÓN EXTERNA:** a avaliación externa realízase un grupo de avaliadores externos á unidade que se avalía. Este grupo estará composto, polo menos, de tres persoas, das que dúas serán designadas pola ACSUG e un terceiro será designado pola ANECA. Estes participaron no Programa de Formación para Avaliadores Externos da ANECA ou da ACSUG (segundo Convenio).
Estes avaliadores analizan o IA, tanto a través dun estudo documental como por medio dunha visita a unidade, emiten as súas recomendacións e propoñen melloras. O resultado desta fase é o Informe de Avaliación Externa (IEE).
- **INFORME FINAL E PLANO DE MELLORAS:** o CA elaborará o Informe Final (IF) e terá en conta as valoracións que se recollen no IEE e no IA.
Neste IF recollen os principais resultados do proceso de avaliación, as principais fortalezas e debilidades para, finalmente, elaborar as propostas de mellora. Relacionarase as accións de mellora que se detectaran nas fases de autoavaliación e avaliación externa, e determinaranse as tarefas que se deben realizar para a consecución destas así como os responsables, os recursos e os prazos para a súa implantación. Do mesmo xeito, identificaranse os indicadores de seguimento das accións que se detectaran así como os beneficios que se esperan destas.



PRAZOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO

MOMENTO CHAVE DO PROCESO	PRAZOS DE EXECUCIÓN
Autoavaliación 1 de outubro – 15 de marzo	* Xornada de formación aos centros nas xuntas de centro * 17 de outubro: data límite para o envío do CA á Unidade Técnica de Calidade (UTC) * Decembro - Xaneiro: aplicación das enquisas nos centros
Envío do IA á ACSUG 15 de marzo – 31 de marzo	27 de marzo: data límite para enviar o IA á UTC
Valoración do IA polo CEE	31 de marzo ao 30 de abril
Visita do CEE	Do 1 de maio ao 15 maio
Envío do IEE á ACSUG	Do 15 de maio ao 15 de xuño
Elaboración do IF	Do 15 de xuño ao 15 de xullo
Envío do IF á ACSUG 15 de xullo ao 31 de xullo	28 de xullo: data límite para o envío do IF á UTC.
Elaboración do Informe final	Antes do 30 de setembro